

TEATRO ROMANO

A Comedia

- Argumentos relativos a asuntos da vida cotiá.
- Nútrese dos temas da Comedia nova, adaptados ós costumes e ó carácter romano.

Autores

- **Plauto** é o máis famoso da súa época. Amósanos unha sociedade de clase media, cuns individuos que se moven por paixóns e desexos amorosos. Abondan os chistes, os xogos de palabras que dan vivacidade e comicidade ás situacións.
- **Terencio** mostra uns personaxes máis refinados cós de Plauto e unha linguaxe máis elaborada.

Outras manifestacións dramáticas

- **Mimo**: representábanse chanzas, situacións cómicas e cheas de erotismo. Os actores ían descalzos e sen máscara e as mulleres podían representar os papeis femininos.
- **Atelana**: baseadas na improvisación. Personaxes fixos: *Buccus*, o faladebalde; *Pappus*, o comellón; *Maccus*, o fachendoso; *Dossenus*, o rosmón. Argumentos sinxelos. Os actores eran sempre homes, con máscaras características do seu personaxe.
- **Os xogos fesceninos**: os actores cubrían os seus rostros con máscaras e mantiñan diálogos cheos de ironía. Representábanse nas vodas.
- **A pantomima**: un só actor encarnaba os diferentes personaxes da obra. Caracterizábase pola danza e a mímica; non se falaba.